



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

## Decreto da Alcaldía N° 457 /2012.

Vista a vacante producida polo facellimento do seu titular , surxe a necesidade de cubrila praza de operario do Concello de Valdoviño,

Esta Alcaldía en uso das competencias conferidas pola legislación vixente,

### VEÑO EN RESOLVER:

**Primeiro.-** Aproba-las bases para a selección dunha praza de operario municipal con carácter de funcionario interino.

### **CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA COBERTURA TEMPORAL, (Funcionario interino) DUNHA PRAZA DO POSTO DE OPERARIO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO**

#### **PRIMEIRA.-** *Obxecto das presentes Bases*

*O obxecto da presente convocatoria é a contratación temporal dunha persoa para a provisión dunha praza de operario municipal grupo E, Escala Admón. Especial, Persoal de Oficios, dotada coas retribucións correspondentes ó grupo E, complemento de destino Nivel 7 (lei 7/2007), a través do procedemento de concurso-oposición para presta-los seus servizos ó Concello, ocupando interinamente unha praza actualmente vacante no cadro de persoal de funcionarios deste Concello por falecemento do titular da praza.*

#### **SEGUNDA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

*Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias-solicitudes:*



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

- a. *Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos art. 57 e 58 da Lei 7/2007 pola que se deroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros Estados da Unión europea e/ou extranxeiros residentes en España, sen necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, de acordo coa Lei Orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.*
- b. *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa ( modificación introducida polo art. 56.1.c) da lei 7/2007 .*
- c. *Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.*
- d. *Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia adxunta as presentes Bases) . As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e espediciando tales adaptacións.*
- e. *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada ( ou na declaración da Instancia adxunta as presentes Bases).*
- f. *Estar en posesión do permiso de circulación clase C.*

### **TERCEIRA: INSTANCIAS.**

- a. *As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello ,*



presentándose preferentemente no REXISTRO XERAL do mesmo, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de

- b. anuncio de convocatoria nun Diario dos de maior tirada provincial, toda vez se teñan publicadas as bases no taboleiro de edictos da Corporación, así como complementariamente na web. Municipal. No caso de utilizar calquera outro dos medios legalmente permitidos (correo certificado, xanela única...) deber remitir por Fax (981 487 294) a Instancia selada no prazo de presentación establecido.
- c. A instancia irá inescusábelmente acompañada da seguinte DOCUMENTACIÓN:
- Fotocopia cotexada do DNI (no seu defecto, resguardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir).
  - Fotocopia cotexada da titulación requerida para o acceso ao posto
  - Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2º d) e) ou, no seu caso, declaración contida no Modelo de Instancia adxunto as presentes Bases
  - Fotocopia compulsada do permiso de circulación clase C.
  - Certificado dos servizos prestados.
- b. Expirado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia dictará Resolución, pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para a corrección da documentación. No caso de non existires aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo.



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

***CARTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES E NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS.***

*4.1.- Publicarase no taboleiro de Edictos da Casa do Concello a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a composición nominativa do Tribunal cualificador cos titulares e suplentes e o lugar, composto en base ao principio de idoneidade e especialidade e segundo o establecido na Lei 7/2007 e Lei de igualdade do Home e da muller. Asemade, na mesma resolución determinarase o día e hora de comezo do proceso selectivo. Comezado este, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes, así coma a listaxe dos aspirantes aprobados en cada exercicio, efectuarase no taboleiro de Edictos da Casa do Concello ( e sempre que sexa posibel, con carácter non preceptivo e complementario na webb. Municipal).*

*4.2.- Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos aspirantes e, sempre con carácter complementario, tanto as Convocatorias e Bases, como os anuncios de calificacións, chamamento a exercicios, etc serán publicadas na web municipal, toda vez sexa realizada a publicación no taboleiro de Edictos. Asemade, tamén aparecerán, sempre que sexa posibel, as calificacións numéricas co nome a apelidos dos aspirantes que acaden a consideración de Apto, así como o nome e apelidos dos aspirantes que resulten non aptos e os non presentados. Tales publicacións na web municipal non terán validez a efectos de cómputo de prazos e, asemade, a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na Convocatoria. Os restantes usos dos datos persoais contidos nas solicitudes , así como todo o desenvolvemento dos procesos*



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

*selectivos, será de carácter interno e uso restrinxido , segundo o estipulado na lei 15/1999, de 13 de decembro.*

*Como normas xerais no desenvolvemento do proceso selectivo, establécense as seguintes:*

*4.3.- Baixo ningunha circunstancia facilitarase información telefónica dende o Servizo central de Información sobre prazos de presentación de instancias, documentación, listaxes de admisión de aspirantes, chamamento a exercicios, calificacións obtidas ou similares. As consultas sobor o contido das Bases ou sobre posibles interpretacións , dúbidas e/ou cuestións incidentais únicamente poderán ser atendidas polo Dpto. se Secretaría xeral (telefonicamente ou por escrito). Calquera outra cuestión ou incidencia relativa ao desenvolvemento do proceso selectivo será resolta polo Tribunal calificador designado no proceso selectivo.*

*4.4.- Os aspirantes convocaranse mediante decreto publicado na páxina web e o taboleiro de anuncios. O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte será de 48 horas, agás naqueles casos que o Tribunal, co consenso de todos os aspirantes, considere conveniente a realización de varios exercicios nunha mesma xornada, ou nun prazo inferior ao anteriormente establecido, concedendo aos aspirantes un descanso mínimo de 30 minutos.*

*4.5.- Para determinar a orde de actuación dos aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente, actuarase por orden Alfabética.*

*4.6.- O Tribunal poderá requirir aos aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, co obxecto de que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do DNI ou documentación identificativa análoga (carné de conducir ou pasaporte). Pese a que na realización das probas, velarase polo anonimato dos aspirantes , sempre que o Tribunal así o estime pertinente pola lóxica do desenvolvemento do proceso selectivo, os aspirantes serán chamados, en chamamento único, polo Secretaria/o*



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

*actuante do Tribunal debendo identificarse nese momento unicamente ante este membro do Tribunal, coa mesma acreditación identificativa que a mencionada enriba.*

*4.7.- Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluírase da mesma previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.*

#### **QUINTA: PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E EXERCICIOS.**

##### **Fase de concurso.**

Antes da fase de oposición serán publicadas no taboleiro de anuncios a puntuación asignada a cada aspirante polos méritos acreditados.

O total da puntuación que se obteña na fase de concurso non poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

Unicamente valoraranse como mérito a experiencia profesional da seguinte maneira:

Experiencia en postos de traballo de operario/a condutor/a ou similar na administración pública con 2 puntos por ano completo de servizo.

Experiencia en postos de traballo de operario/a condutor/a ou similar na empresa privada con 1 punto por ano completo de servizo.

A puntuación máxima que se poderá alcanzar será de 10 puntos.

Acreditarase con certificación de servizos prestados da administración pública correspondente; certificado de empresa ou contrato de traballo inscrito no INEM ou nóminas e, en calquera caso certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar sen lugar a dúbida que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coa categoría indicada.



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

### **Fase de oposición.**

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

Primeiro exercicio: de carácter práctico obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en realizar movementos co tractor municipal que propoñerá o tribunal inmediatamente antes de comezar o exercicio.

Segundo exercicio: de carácter práctico obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en realizar as tarefas que propoñerá o tribunal inmediatamente antes de comezar o exercicio, relacionadas coas funcións propias do posto a desempeñar.

Ambos exercicios realizaranse no tempo que estableza o tribunal en función da natureza da proba.

### **Cualificación dos exercicios**

Os dous exercicios serán cualificados ata un máximo de dez puntos, sendo eliminados os opositores que non acaden un mínimo de cinco puntos en cada un deles.

O número de puntos que poderán ser outorgados por cada membro do tribunal será de 0 a 10 puntos. As cualificacións adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do tribunal e dividindo o total polo número de asistentes, sendo o cociente a cualificación definitiva.

A puntuación final resultará de sumar ambas puntuacións a obtida na fase de oposición e a obtida na fase de concurso.

### ***SEXTA : TRIBUNAL DE SELECCION.***

- a. *O tribunal nomearase de conformidade co artigo 55.1..c) e d) e art. 60 da lei 7/2007 do Novo Estatuto do empregado público, así como garantindo a paridade na súa composición, de conformdiade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller e estará composto do seguinte xeito:*



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

*A \* Presidente: Titular: A secretaria municipal. Suplente: funcionario da Corporación en quen delegue.*

*B \* Secretario que actuará con voz e voto: A funcionaria D<sup>a</sup> Pilar Rivera Rodríguez. Suplente: funcionario da Corporación en quen delegue. .*

*C \* Vocais: O tribunal componse garantindo a composición eminentemente técnica e paritaria deste órgano colexiado (en base ao principio de especialidade/&idoneidade). Asemade,garantirase a composición impar deste órgano de selección, cun mínimo de 5 membros ( incluídos Presidente e Secretario), designándose polo tanto 3 vocais titulares e 3 suplentes:*

*Vocal. D. Antonio Freire López, laboral fixo. Suplente: funcionario da Corporación en quen delegue.*

*Vocal: A funcionaria M<sup>a</sup> del Carmen Lamas Rodríguez. Suplente: funcionario da Corporación en quen delegue.*

*Vocal: O funcionario D. Santiago López Vilela. Suplente: funcionario da Corporación en quen delegue.*

*b. O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.*

*c. O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do Presidente e do Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.*





CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

*d. Os vocais do Tribunal, titulares e suplentes, que actúen nestas probas terán a titulación correspondente, de conformidade co artigo 4 do Real Decreto 896/91, e percibirán as gratificacións correspondentes segundo o Real Decreto 462/2002, e as Bases de execución do Orzamento municipal.*

### **SÉTIMA: RELACION DE APROBADOS E DOCUMENTACION.**

*7.1.- A cualificación de cada exercicio publicárase no taboleiro de Edictos do Concello, constando unicamente a calificación numérica dos aspirantes que superen o exercicio correspondente, así como o chamamento para realización do seguinte exercicio. Complementariamente será publicada na webb. municipal, aos meros efectos informativos.*

*7.2.- O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superan o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao número de praza/s convocada/s. Rematada a cualificación dos aspirantes, esta determinará a proposta do Tribunal cualificador, elevando á Sr. Alcalde-Presidente a correspondente proposta de nomeamento*

*7.3 - De non superar as probas establecidas ningún aspirante, o Tribunal poderá declarar deserta a praza convocada, así como para determinar unha listaxe de reservas cos aspirantes que, superando os exercicios de carácter eliminatorio, non acadaran a maior puntuación (coa finalidade de cubrir rexeitamentos, baixas e outras vacantes temporais de natureza similar e/ou de postos asimilados ao convocado).*

*7.4.- O/a aspirante proposto/a deberá presentar dentro do prazo máximo de 5 días naturais (a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixo pública a listaxe final de puntuacións coa propostas de nomeamento/contratación), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que segundo a base segunda desta convocatoria se esixen para tomar parte na selección, así como toda a documentación requirida polo Dpto. de Persoal co fin de efectuar o nomeamento como persoal funcionario interino. Estarán exentos, se*



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

*tivesen relación anterior con esta Administración local, da xustificación documental, aqueles que o tivesen demostrado para obter o seu anterior nomeamento/contrato.*

**OITAVA: NORMA FINAL.**

*Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así coma as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Réxime das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde dos procesos selectivos naqueles aspectos previstos ou non, nestas bases, sendo en todo caso aplicábel para o non previsto na presente convocatoria o Real Decreto RD 364/95 de 10 de marzo; a Lei 7/1985, de 2 de abril; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, RD 896/91 e demais normas concordantes de xeral aplicación mentras no se opoñan ao establecido polo novo marco legal estatal, Lei 7/2007 de 13 de abril e Lei 1372007 DE MODIFICACIÓN DA Lei 4/1988 da Función pública de Galicia..*

*O/a aspirante, dende a súa contratación, quedará obrigado a utilizar os medios que para o exercicio das súas funcións poña á súa disposición o Concello.*

Valdoviño, 9 de novembro do 2012.

O Alcalde.

A Secretaría.





CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

## INSTANCIA

Lembre que preferentemente deberá presentar esta Instancia no Rexistro Xeral. No caso de utilizar calquera outro dos medios legalmente permitidos ( correo certificado, xanela única...) deberá remitir por Fax a Instancia selada no prazo de presentación establecido (981-487294)

D/Dona ..... con DNI núm.:.....  
con enderezo.....C.P..... Localidade.....  
e telefono de contacto .....

### EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo de OPERARIO MUNICIPAL, persoal funcionario interino , e declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso da Base 2ª (*Base 2.d :Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. As persoas con minusvalías deberan aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas; e Base 2.e: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.*)

Aportase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha **X** )

- Fotocopia DNI cotexado
- Fotocopia Titulación cotexada
- Fotocopia Permiso clase C cotexado.
- Certificados dos servizos empregados.

**SOLICITA:** sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e Sinatura do/a aspirante:

**A SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO**